



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 400

galicia

ACORDO DE 8ª PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A RESERVA E OCUPACIÓN DE PRAZAS EN CENTRO OCUPACIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA ÁREA RURAL 12 DE A CORUÑA DO MAPA GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS. NA MODALIDADE DE CONCERTO

Expediente de contratación PA 67/2009 Lote 11

En Santiago de Compostela, a 1 de xaneiro de 2018

Dunha parte, don **Francisco Javier Abad Pardo**, en calidade de Secretario xeral técnico, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social, en virtude das competencias que lle confire o artigo 1 da Orde do 3 de marzo do 2016, sobre delegacións de competencias nos órganos superiores e nos/as xefes/as dos departamentos territoriais da Consellería de Política Social (DOG n.º 54, do 18/03/2016), así como pola disposición adicional 9ª do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 239 do 16/12/2016).

E doutra, D/Dona José Rodríguez Romero con DNI 33192552X, en nome e representación da entidade ASOCIACION DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR co CIF G15611536, segundo a verificación de suficiencia dilixenciada mediante poder bastanteado.

Ámbalas partes recoñécense competencias e capacidade, respectivamente, para formalizar o presente acordo de 8ª prórroga do contrato de xestión de servizo público e outórganos con base aos seguintes:

ANTECEDENTES

1. O día 1 de decembro de 2009 asinouse un contrato entre o órgano de contratación da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia maila entidade ASOCIACION DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR para a xestión dun servizo público, mediante a modalidade de





concerto e polo procedemento aberto, do expediente para a reserva e ocupación de prazas no/s centro/s seguinte/s:

CENTRO OCUPACIONAL SORRIBAS

Rois

A Coruña

O prazo de execución estendíase ata o 31 de decembro de 2010, atopándose actualmente vixente o mesmo ata a data do 31 de decembro de 2017.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS OU TÉCNICAS

1. Que a Consellería de Política Social é o departamento competente de conformidade coa habilitación competencial que lle outorga a Disposición adicional 10ª do Decreto 177/2016 ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232 do 4 de decembro do 2015), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.
2. Que as necesidades que, no seu momento, motivaron a súa contratación permanecen vixentes.
3. Que sendo de aplicación as previsións en materia de contratación, segundo as que o contrato de xestión de servizos públicos non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente no prego de cláusulas administrativas particulares a súa duración e a das prórrogas de que poida ser obxecto, sen que poida exceder a súa duración, da data do 30 de novembro de 2034.
4. Con data 27 de xullo de 2017 a entidade expresa o seu interese en prorrogar o contrato por un ano.
5. O día 14 de setembro de 2017 a Asesoría Xurídica informa favorablemente a tramitación da prórroga do contrato.
6. O órgano de contratación da Consellería de Política Social o día 14 de decembro de 2017 resolve autorizar a 8ª prórroga do contrato a proposta da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade xa que as circunstancias que no seu momento motivaron a súa contratación permanecen vixentes.
7. A autorización do gasto maila súa fiscalización efectuáronse polos órganos competentes o día 14 de decembro de 2017 por un importe total de 140.521,60 euros.

E por todo o exposto, que as partes asinantes,

